

Tendo en conta o informe proposta con data 22 de novembro de 2019 e que literalmente di:

“  
A Concellería de Benestar Social realiza todos os anos a “Campaña Agasallos de Nadal”, dirixida aos menores pertencentes a familias con escaseza de recursos económicos. O obxectivo desta campaña é que todos eles dispoñan dun agasallo o día de Reis, e así contribuír a fomentar a igualdade dos menores pertencentes a familias que nestes momentos pasan por unha precaria situación económica.

Por Decreto da Alcaldía de data 09 de outubro de 2019 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de Axudas Agasallos Nadal 2019.

A convocatoria foi publicada no BOP da Coruña nº 200 de data 21 de outubro.

O prazo para presentar solicitudes rematou o pasado día 05 de novembro.

Unha vez realizada a comprobación e valoración das solicitudes polas traballadoras sociais, propónse á Concelleira delegada da área de Benestar Social o seguinte:

1. Aprobar o listado provisional de admitidos/as a trámite e excluídos/as que a continuación se indica, así como o motivo de exclusión.
2. Conceder un prazo de 10 días hábiles para subsanar aquelas solicitudes incompletas ou defectuosas.
3. Publicar este listado provisional na páxina web do Concello así como no Taboleiro de Edictos.

Unha vez transcorridos os 10 días hábiles, procederase a publicar a listaxe definitiva de axudas concedidas e denegadas.

“

**Decreto:** Vista a anterior proposta apróboa nos seus propios termos.

Dou fe,  
O secretario xeral